

tributario ou o seu representante, salvo que se teña modificado o consignado nos mesmos.

5. A devolución das cotas trimestrais a que teña derecho o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

6. Os beneficios fiscais establecidos no artigo 3º da presente ordenanza aplicaranse de oficio, excepto os sinalados nos apartados 1 d) e 2 b), que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o art. 3º en cada caso. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1 d), do artigo 3º, a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo, onde constará aquel como conductor habitual. Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo do imposto deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade. As solicitudes de exención e bonificación deberán realizarse nos tres primeiros meses de cada ano natural, tendo validez a súa concesión para o exercicio fiscal en curso.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal quedará derogada a “Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 19 de xaneiro de 2006 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa ou tácita.

Moaña, a 20 de xaneiro de 2006.—O Alcalde, ilexible.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AGUA**

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por servicios de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, , que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de distribución de auga e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

#### **ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes a persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as contas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.

#### **ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a seguinte:

##### **1.—COTAS DE CONSUMO:**

*Aboados domésticos:*

|                                      |                           |
|--------------------------------------|---------------------------|
| Mínimos: 30 m <sup>3</sup> /abo.trim | 0,2660 Eur/m <sup>3</sup> |
| Excesos                              | 0,2945 Eur/m <sup>3</sup> |
| <i>Aboados comerciais:</i>           |                           |
| Mínimos: 40 m <sup>3</sup> /abo.trim | 0,2660 Eur/m <sup>3</sup> |
| Excesos                              | 0,2945 Eur/m <sup>3</sup> |
| <i>Aboados Industriais e outros:</i> |                           |
| Mínimos: 50 m <sup>3</sup> /abo.trim | 0,3040 Eur/m <sup>3</sup> |
| Excesos                              | 0,3230 Eur/m <sup>3</sup> |

2.—COTAS ESPECIAIS:

- a) Usuarios con renda inferior ao SMI (Salario Mínimo Interprofesional): 50% da cota de consumo, ata un máximo de 30 m<sup>3</sup>/trimestre.
- b) Usuarios beneficiarios da RISGA ou reximes de protección pública análogos: 1% da cota de consumo, ata un máximo de 30 m<sup>3</sup>/trimestre.
- c) Cotas especiais temporais: 1% da cota de consumo, ata un máximo de 30 m<sup>3</sup>/trimestre.
- d) Subministro de auga a traídas veciñais: 0,3040 eur./m<sup>3</sup>/trim.

3.—TAXAS DE ENGANCHE E DESPRECINTADO DE CONTADORES:

- a) Enganche para cada vivenda ou local comercial, por nova solicitude: 60 euros.
- b) Enganche para cada vivenda de usuarios con renda inferior ao SMI, beneficiarios da RISGA ou reximes de protección pública análogos, ou con circunstancias económicas, sociais ou familiares especiais: 10 euros.
- c) Enganche para cada vivenda ou local comercial cando se constate utilización irregular do servizo con anterioridade a 1 de xaneiro de 2006: 250 euros.
- d) Desprecintado de contadores: 3 euros.

4.—FIANZAS:

- Fianza por subministro a domicilios ou locais: 20 euros.
- Fianza por subministro de auga a obras: 150 euros.

Antes de concederse a autorización para a autorización ou desprecintado de contadores, o solicitante depositará na Tesourería municipal unha fianza que se lle devolverá ao rescindir o contrato, unha vez aboados os recibos pendentes.

5.—COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

4 euros/ano.

6.—ACOMETIDAS

- Ata 6 metros de acometida:

| DIÁMETRO                         | CONEXIÓN < 150 mm. | CONEXIÓN > 150 mm. |
|----------------------------------|--------------------|--------------------|
| 20 mm.                           | 212,07             | 229,85             |
| 25 mm.                           | 232,58             | 256,97             |
| 32 mm.                           | 263,75             | 287,81             |
| 40 mm.                           | 299,10             | 322,31             |
| — Máis de 6 metros de acometida: |                    |                    |

| DIÁMETRO | CONEXIÓN > 150 mm. |
|----------|--------------------|
| 20 mm.   | 10,60 euros/metro  |
| 25 mm.   | 12,20 euros/metro  |
| 32 mm.   | 12,67 euros/metro  |
| 40 mm.   | 15,16 euros/metro  |

7.—CONTADORES:

- a) Colocación: 13,09 euros.
- b) Prezos de contadores:

| DIÁMETRO | EUROS/UNIDADE |
|----------|---------------|
| 13 mm.   | 41,79         |
| 15 mm.   | 46,16         |
| 20 mm.   | 56,22         |
| 25 mm.   | 89,43         |
| 30 mm.   | 124,77        |
| 40 mm.   | 193,32        |
| 50 mm.   | 482,85        |
| 65 mm.   | 506,62        |

8.—OUTROS PREZOS:

Os restantes prezos por obra ou instalación relacionados co servizo de abastecemento recóllense no Anexo I a esta Ordenanza. As tarifas establecidas nos apartados 6, 7 e Anexo I veranse incrementadas polo IVE correspondente.

*ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

*ARTIGO 7º. DEVENGO*

- A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

- B) Cando se trate de servicios periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se devengará a partir dese mesmo momento.

*ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN*

- A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de prestar o servicio ou de realizar a actividade.
- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.
- Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen presúizo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**B) Cando se trate de servicios periódicos:**

Practicarase unha liquidación trimestral ao 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro.

**ARTIGO 9º. INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

**ARTIGO 10º. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S**

1.—O aboado que empregue a auga para usos distintos daqueles para os que lle foi concedido (radios, uso comercial/industrial non autorizado, etc.), a transporte a outro lugar ou a ceda a terceiras persoas, pagará unha sanción equivalente ao dobre do prezo que tería que satisfacer polo consumo mensual segundo contador e perderá, automaticamente, o dereito da concesión, sen prexuízo de esixirlle, ademais, as responsabilidades que procedan en derecho.

2.—Por outra banda, a falta de pagamento do recibo mensual levará consigo a suspensión automática do suministro de auga, previo aviso ao usuario.

3.—Igualmente, será suspendido o servizo no caso de que fose negada a entrada no domicilio ao encargado das visitas de inspección.

4.—En todo o demais, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

**ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN**

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servicios que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demás requisitos fixados na ordenanza.
- Unha vez autorizada a prestación do servicio entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servicios non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servicio, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmoble, os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracóns de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
- As cotas especiais sinaladas no art. 5, epígrafe 2, a), b) terán carácter rogado, debendo o usuario formular solicitude ante a Alcaldía nos tres primeiros meses de cada ano natural, aportando a documentación acreditativa dos supostos que amparen a súa petición. A cota especial sinalada no art. 5, epígrafe 2, b) poderá solicitarse ante a Alcaldía unha vez que concorran circunstancias excepcionais que amparen a solicitude. Será concedida pola Xunta de Goberno Local, previa proposta e informe dos Servizos Sociais do Concello, sempre que no solicitante concorran circunstancias extraordinarias de índole económica, social ou familiar. Indicarase no acordo o período de validez da mesma, transcorrido o cal deberá solicitarse, se é o caso, a súa renovación, e en ningún caso terá carácter retroactivo.
- A taxa sinalada no epígrafe 3, b) terá carácter rogado e será concedida pola Xunta de Goberno Local previa solicitude diante da alcaldía, acreditándose os supostos que amparen a petición, ou mediante informe dos Servizos Sociais do Concello.

**ARTIGO 12º.—OUTRAS NORMAS DE XESTIÓN**

1.—As traídas veciñas poderán solicitar a conexión, que se podrá autorizar mediante a formalización dun convenio.

2.—As traídas veciñas pagarán como derecho de conexión unha soa acometida, de acordo coa Ordenanza en vigor.

3.—As obras de conexión á rede municipal, así como o contador e outros elementos necesarios, serán por conta das traídas veciñas correspondentes e supervisadas polos técnicos da concesión.

4.—O prezo do metro cúbico de auga será o estipulado na Ordenanza en vigor para usos domésticos.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e redacción regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2004, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Queda automaticamente derogada a anterior Ordenanza Reguladora da Taxa por Servizos de Distribución de Auga.

Moaña, a 20 de xaneiro de 2006.

**A N E X O I**  
**TÁBOA DE PREZOS POR UNIDADES DE OBRA**

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de polietileno de 20 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro inferior ou igual a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 212,07.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de polietileno de 25 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro inferior ou igual a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 232,58.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de polietileno de 32 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro inferior ou igual a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 263,75.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts, realizada con entubado de polietileno de 40 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro inferior ou igual a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 299,10.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de polietileno de 20 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro maior a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 229,85.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts, realizada con entubado de polietileno de 25 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro maior a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 256,97.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts., realizada con entubado de polietileno de 32 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro maior a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 287,81.

Ud. de acometida de abastecemento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts, realizada con entubado de polietileno de 40 mm de diámetro, conectada a entubado de diámetro maior a 150 mm., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 322,31.

Ml. de subministración e colocación de entubado de polietileno de 20 mm de diámetro para acometidas de lonxitude maior a 6 mts., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 10,60.

Ml. de subministración e colocación de entubado de polietileno de 25 mm de diámetro para acometidas de lonxitude maior a 6 mts., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 12,20.

Ml. de subministración e colocación de entubado de polietileno de 32 mm de diámetro para acometidas de lonxitude maior a 6 mts., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 12,67.

Ml. de subministración e colocación de entubado de polietileno de 40 mm de diámetro para acometidas de lonxitude maior a 6 mts., totalmente instalada, incluso excavación e recheo, sen incluir levantamento e reposición do pavimento ..... 15,16.

M<sup>3</sup> de excavación en zanxa, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso entibacións e agotamentos, recheo da zanxa con terras compactadas ao 95% do Próctor Normal, procedentes da excavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados de diámetro < 20 mm ata 30

cm. sobre o clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores do 8 cm., por tongadas de 15 cm de espesor medidos sobre o perfil, unha vez instalada a tubería e transporte de productos sobrantes a vertedeiro..... 21,35.

M<sup>3</sup> de excavación en zanxa, con medios mecánicos en rocha, incluso entibacións e agotamentos, recheo da zanxa con terras compactadas ao 95% do Próctor Normal, procedentes da excavación o de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados de diámetro menor ou igual a 20 mm ata 30 cm. sobre o clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de espesor medidos sobre o perfil, unha vez instalada o entubado e transporte de productos sobrantes a vertedeiro ..... 52,04.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de macadam con dos regos asfálticos de 7 kg de ligante ECR-2 con 0,300 m<sup>3</sup> de áridos, completamente terminada..... 16,52.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición do pavimento, composto decapa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm de espesor, extendida e compactada, incluso rego de adherencia e barrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm<sup>2</sup> de resistencia característica de vinte (20) cm de espesor, completamente terminado..... 49,19.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición do pavimento, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8)cm de espesor, extendida e compactada, incluso rego de adherencia e barrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm<sup>2</sup> de resistencia característica de trinta (30) cm de espesor, completamente terminado..... 57,02.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición do pavimento de formigón de 150 kp/cm<sup>2</sup> de resistencia característica de 20 cm. de espesor, completamente terminado..... 30,52.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de loseta de tezrazo en colores en beirarrúa, asentada sobre base de formigón fck 150 Kp/cm<sup>2</sup>, de resistencia característica de 10 cm de espesor, completamente terminado ..... 39,96.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de loseta de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón fck 150/cm<sup>2</sup>, de resistencia característica de 10 cm de espesor, completamente terminado.... 32,78.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de taco de granito sobre area aproveitando o taco levantando e repoñendo o necesario completamente terminado ..... 17,92.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de taco de granito sobre base de formigón de Fck 150 kp/cm<sup>2</sup> de resistencia característica de 20 cm de espesor apro-

veitando o taco levantado e repoñendo o necesario, completamente terminado ..... 48,93.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de loseta de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 kp/cm<sup>2</sup> de resistencia característica e 20 cm de espesor, completamente terminado..... 109,73.

M<sup>2</sup> de levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 kg de ligante ECR-2, con 0,300 m<sup>3</sup> de áridos, completamente terminado ..... 16,53.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt. .... 18,80.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 19,42.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación,incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 22,83.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 29,73.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 32,32.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 36,12.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 48,08.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 61,97.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiales, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 76,85.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 350 mm., instalada sobre

cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 95,16.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 400mm, instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de piezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 118,33.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 450 mm, instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 137,77.

Ml. de subministración e colocación entubado de fundición de diámetro 500mm, instalada sobre cama de area da propia excavación, incluso p.p de pezas especiais, excepto acometidas, medida a cinta corrida, probada a 1,4 pt..... 156,76.

Ml. de subministración e colocación entubado de polietileno de  $1\frac{1}{4}$ ", incluso p.p de pezas, excepto acometidas, medida a cinta corrida e probada ..... 7,07.

Ml. de subministración e colocación entubado de polietileno de  $1\frac{1}{2}$ ", incluso p.p de pezas, excepto acometidas, medida a cinta corrida e probada ..... 8,00.

Ml de subministración e colocación entubado de polietileno de 2", incluso p.p de pezas, excepto acometidas, medida a cinta corrida e probada... 10,02.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 60 mm..... 119,87.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 80 mm..... 199,13.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 100 mm..... 220,94.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 125 mm..... 337,02.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 150 mm..... 377,95.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 175 mm..... 527,39.

Ud. subministración e colocación válvula de comporta para entubado de abastecimiento de 200 mm..... 564,78.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 250 mm..... 843,60.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 300 mm..... 1.115,50.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 350 mm..... 1.488,75.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 400 mm..... 1.917,18.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 450 mm..... 3.405,81.

Ud. subministración e colocación válvula de mariposa para entubado de abastecimiento de 500 mm..... 4.290,32.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 22,50.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 33,32.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 41,25.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 50,12.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 66,71.

Ml. subministración e colocación de entubado de formigón vibro-prensado con enchufe de campana para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional de xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm de espesor, completamente instalado ..... 78,11.

Ud. de colocación de contador de ata 40 mm de diámetro, sen incluir o aparato, en altas ou resposições de subministro..... 13,09.

Ud. de reposición de acometida de abastecemento anulada por detección de fraude ..... 45,73.

Hora de compresor ..... 10,95.

Hora de camión Man ..... 34,82.

Hora de camión Pegaso ..... 27,85.

Hora de camión Ebro ..... 22,88.

|  |           |
|--|-----------|
| Hora de retroexcavadora TY-45 .....            | 37,81.    |
| Hora de retroescavadora TY-45 con martelo..... | 94,51.    |
| Hora de retroexcavadora LY-80 .....            | 48,75.    |
| Hora de carterpillar 955/950 .....             | 48,75.    |
| Hora de tractor grúa .....                     | 27,85.    |
| Hora de rodillo compactador .....              | 38,80.    |
| Hora de bituminadora.....                      | 33,82.    |
| Hora de compactadora tipo rana, bandexa.....   | 7,21.     |
| Hora de cortadora de pavimentos.....           | 21,64.    |
| Hora de vehiculo lixeiro transporte.....       | 14,42.    |
| Hora de xornal de peón.....                    | 9,33.     |
| Hora de xornal de oficial .....                | 9,84.     |
| Ud. de contador de 13mm.....                   | 41,79.    |
| Ud. de contador de 15 mm.....                  | 46,16.    |
| Ud. de contador de 20 mm.....                  | 56,22.    |
| Ud. de contador de 25mm.....                   | 89,43.    |
| Ud. de contador de 30 mm.....                  | 124,77.   |
| Ud. de contador de 40 mm.....                  | 193,32.   |
| Ud. de contador de 50 mm.....                  | 482,85.   |
| Ud. de contador de 65 mm.....                  | 506,62.   |
| Ud. de contador de 80 mm.....                  | 631,68.   |
| Ud. de contador de 100mm.....                  | 785,11.   |
| Ud. de contador de 150mm.....                  | 1.125,85. |
| Ud. de contador combinado de 30-13 mm          | 526,99.   |
| Ud. de contador combinado de 40-13 mm          | 664,35.   |
| Ud. de contador combinado de 50-15 mm          | 858,43.   |
| Ud. de contador combinado de 65-20 mm          | 1.059,97. |
| Ud. de contador combinado de 80-25 mm          | 1.396,56. |
| Ud. de contador combinado de 100-25 mm.....    | 1.834,84. |
| Ud. de contador combinado de 150-40 mm.....    | 2.599,98. |

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA  
TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DA  
REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE  
AUGAS RESIDUAIS**

**ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E RÉXIME**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo servicio de sumidoiros e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de recepción obligatoria, dos servicios seguintes:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros.
- b) A realización das obras necesarias para a conexión á rede de saneamento.
- c) A evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais mediante a utilización da rede municipal de sumidoiros.
- d) O tratamento para depurar os verquidos anteriores.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

1.—Son suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen, por calquera clase de título, incluso o de precario, as vivendas e locais onde se preste o servicio.

2.—Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario destes inmobles quen podendo repercutir aquél, de ser o caso, sobre os usuarios, como beneficiarios do servicio, as cotas satisfeitas.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os sindicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5º. COBRAMENTO**

1.—A obriga de contribuír nacerá co inicio da prestación dos servicios entendéndose esta iniciación:

- a) Na data de presentación da correspondente solicitude da licencia de conexión, cando o suxeito pasivo a formule expresamente.
- b) Desde que teña lugar a conexión efectiva á rede municipal de sumidoiros.

2.—A acreditación da taxa por esta última modalidade producirase con independencia da obtención ou non da licencia de conexión e sen prexuízo da instrucción do expediente administrativo para a súa autorización.